



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/5	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	15 de setembro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:30 ata as 20:55 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	ROCÍO LÓPEZ GARCÍA
<b>Secretario</b>	MARIA DEL CARMEN LOPEZ GONZALEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	NON
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





## Concello de Lourenzá

### Escusas de asistencia presentadas:

1. ANTONIO REGO REY:  
«MOTIVOS PERSOAIS»
1. ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ:  
«MOTIVOS PERSOAIS»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN BORRADOR ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 21/07/2022.

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a sesión extraordinaria celebrada o día vinte e un de abril do dous mil vinte e dous (21/07/22) distribuído coa convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

#### Expediente 423/2022. MODIFICACIÓN ORDENANZA PUNTO ATENCIÓN INFANCIA

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Seguidamente e unha vez vista a proposta da Alcaldía sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:  
"PROPOSTA DE ALCALDÍA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS

A Xunta de Galicia a través da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engadiu no seu artigo 23.seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos. No núm. 2 estableceu que as escolas infantís de 0-3 anos





## Concello de Lourenzá

dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copago en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo/a da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% establecida e así o xustifiquen, serán compensadas pola consellería competente en materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais. Con esta bases, no ano 2020 púxose en marcha unha nova liña de fomento, atendendo a razóns de impulso demográfico e de conciliación.

Continuando coa consecución de ditos obxectivos, para o ano 2022 e a través do disposto no artigo 29.dos da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engádese un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, establecendo que coa fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de alcanzar con efectos económicos a partires do comezo do curso escolar 2022/23, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo/a da unidade familiar, dacordo coa regulación establecida para os distintos supostos que contempla.

A xunta de Galicia regula a gratuidade da atención educativa de 0-3 anos no artigo 23.6 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas: A gratuidade da matrícula na escola infantil ten como principios que a xustifican "razóns de impulso demográfico e conciliación" sen acoutar a un número mínimo ou concreto de fillos que deban cursar a etapa de escola infantil xunto co segundo fillo e sucesivos.

Por tal motivo, e por razóns de interese público e coa fin de adaptar a Ordenanza Fiscal do P.A.I. do Concello de Lourenzá ós prezos da Xunta de Galicia, por esta Alcaldía proponse a seguinte modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo do Punto de Atención á Infancia "Meniños", de Lourenzá dos artigos núm.1 ao núm.8 e Disposición Final que quedarían redactados da seguinte forma:

**ARTIGO 1.- OBXECTO.**





## Concello de Lourenzá

Apróbanse as contías dos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados no Punto de Atención á Infancia "Meniños" do Concello de Lourenzá, que figuran no Anexo I.

Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

### ARTIGO 2.- SUXEITOS OBRIGADOS.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta no centro sinalado no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

### ARTIGO 3.- PAGAMENTO.

3.1.- O pagamento da cotas, se prexuízo do establecido no artigo 5 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

3.2.- Salvo o disposto no artigo 5 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.3.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

### ARTIGO 4.- REGLAS E DEFINICIÓNS PARA A DETERMINACIÓN DO IMPORTE QUE SE VAI PAGAR.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo ternase en conta as especificacións recollidas no dito anexo.

Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

4.1.- Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

a) Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con



Cod. Validación: 7YP34JNJE4KY4D2SYA24WX3N | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 15



## Concello de Lourenzá

consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

b) Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c) Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

4.2.- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

4.3.- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

4.2.- A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

### ARTIGO 5.- SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA.

5.1.- Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.





## Concello de Lourenzá

### ARTIGO 6.- PREZOS.

#### 1.- Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI "Meniños" do Concello de Lourenzá fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

#### 2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. pREZO DA PRAZA: 169,26 €.

Os presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto no presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

### ARTIGO 7.- DESCONTOS.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias onoparentais, desconto dun 20





## Concello de Lourenzá

por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 100 por cento.

Entenderas por familia numerosa aquela que reuna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da de vindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e terá efectos retroactivos a partir do 1 de setembro do dous mil vinte e dous, estando en vigor ata a súa modificación ou derogación.

É a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a nove de setembro do dous mil vinte e dous."

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros

presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

**PRIMEIRO.**- A Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS, dos artigos nº 1 ao 8 e Disposición final que quedaría redactados nos termos seguintes:

### ARTIGO 1.- OBXECTO.

Apróbanse as contías dos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados no Punto de Atención á Infancia "Meniños" do Concello de Lourenzá, que figuran no Anexo I.

Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

### ARTIGO 2.- SUXEITOS OBRIGADOS.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen







## Concello de Lourenzá

como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta no centro sinalado no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

### ARTIGO 3.- PAGAMENTO.

3.1.- O pagamento da cotas, se prexuízo do establecido no artigo 5 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

3.2.- Salvo o disposto no artigo 5 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.3.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

### ARTIGO 4.- REGLAS E DEFINICIÓNS PARA A DETERMINACIÓN DO IMPORTE QUE SE VAI PAGAR.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo ternase en conta as especificacións recollidas no dito anexo.

Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

4.1.- Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- a) Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
- b) Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- c) Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

4.2.- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que







## Concello de Lourenzá

produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

4.3.- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

4.2.- A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

### ARTIGO 5.- SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA.

5.1.- Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

- a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.
- b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

### ARTIGO 6.- PREZOS.

#### 1.- Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI "Meniños" do Concello de Lourenzá fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

#### 2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de





## Concello de Lourenzá

### renda per cápita da unidade familiar.

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.
- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. pREZO DA PRAZA: 169,26 €.

Os presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto no presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

### ARTIGO 7.- DESCONTOS.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias onoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 100 por cento.

Entenderas por familia numerosa aquela que reuna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da de vindicación da declaración do IRPF.





## Concello de Lourenzá

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e terá efectos retroactivos a partir do 1 de setembro do dous mil vinte e dous, estando en vigor ata a súa modificación ou derogación.

**SEGUNDO.-** Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó

público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**TERCEIRO.-** A modificación da Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**CUARTO.-** Elevar a definitivo o acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B. O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

**QUINTO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL





## Concello de Lourenzá

### DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 2º TRIMESTRE DO 2022.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 14/07/2022, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

### DACIÓN DE CONTA DO PMP CORRESPONDENTE Ó SEGUNDO TRIMESTRE DO 2022.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2021, posto que o Período Medio Global foi de 7,52 días. Ditados documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 14/07/2022.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

### PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PP

**O Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno as seguintes preguntas:**

**1.- ¿Porqué non temos a día de hoxe servizo de**





## Concello de Lourenzá

### **Madrugadores e de Ludoteca?.**

A Sra. Alcaldesa resposta que o están xestionando coa ANPA, non tiñan ese servizo ata agora e que pais e nais lles transmitiron que había esa necesidade, e que no Concello xa o vían. Que tiveron varias reunións coa ANPA nas que facilitaron posibles usuarios e unhas enquisas que se repartiron no colexio.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta para que son as enquisas e si sería para facer xa. A Sra. Alcaldesa resposta que para saber o número de monitores que se necesitan e que si, que sería para facer xa.

Tamén da conta de que se pediu unha subvención que é para gastos de maio a decembro.

Intervén o Sr. Arango dicindo que a subvención ten fallos, aínda que é con carácter retroactivo ponse en funcionamento o servizo sin saber si van a dar a subvención ou non.

### **2.- Non paramos de recibir queixas de veciños respecto da carpa montada na Praza de Liñares Riva, ¿Que pensan facer?-**

A Sra Alcaldesa resposta que con respecto á carpa que tamén recibe queixas tódolos días, que aclara que se colocou cando se estaba co tema do Covid e permitiuse colocar esa e outras máis con carácter provisional, que os outros locais xa a sacaron. Os donos da carpa solicitaron a legalización da mesma e están pendentes do permiso de Patrimonio.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta si desde o Concello non se pode facer nada para obligar a sacala ó non ter licenza contestando a Sra. Alcaldesa que si se pode pero que non se fai con naide. O Sr. Rodríguez Barrera di que vai acabar o ano e aínda ta posta, o Concelleiro D. Manuel Arango dí en que están todos de acordo en que hai que retirala.

### **3.- ¿Cal foi a colaboración económica por parte do concello, coas distintas comisións de festas do noso concello?.**

A Sra. Alcaldesa contesta que o Concello colabora coas festas das Parroquias prestando material e fora de ahí o Concello colabora coas festas patronais, como se viña facendo antes, nestas pagouse o grupo que acompaña aos cocos e aos levadores deles, enganche de luz, xerador e baños.

### **4.- En Lourenzá, no referente ó alumeadado público, temos cidadáns de primeira e de segunda, ¿Que pensan facer coas vivendas que non dispoñen de dito servizo e teñen que costearse eles o gasto de poder ter luz?**

A Sra. Alcaldesa di que está totalmente de acordo e que é unha desigualdade que segue a ver. O Sr. Rodríguez Barrera dí que teñen luminarias vellas, ao que contesta a Sra. Alcaldesa dicindo que a gran maioría teñen luminarias de led e os que non as teñen é porque non as solicitaron.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta se saben quen non as teñen ao





## Concello de Lourenzá

que resposta a Sra. Alcaldesa que si, que hay moitas zonas no rural que non teñen alumbeado público e lle gustaría chegar con el a mais sitios pero deuse prioridade a outras cousas como pistas e estradas. O Sr. Rodríguez Barrera pregunta se as persoas que non o teñen non se lles vai pagar o consumo de luz como se facía antes ao que resposta a Sra. Alcaldesa que con as farolas de led supón un aforro enerxético e que o gasto é mínimo.

**5.- No que levamos de ano levan gastado máis de 20.000 euros en pagar a redacción de distintos proxectos a empresas privadas, cando ata fai un ano ditos traballos os facía unha empregada do Concello ¿que explicación nos poden dar de dito despilfarro e de non aproveitar os recursos dos que dispoñemos?.**

A Sra. Alcaldesa contesta dicindo que esta pregunta xa a contestou varias veces, que recurren a empresas privadas para redactar un proxecto cando consideran que deben facelo, que non pasa so neste Concello que como exemplo Barreiros, Trabada e Mondoñedo tamén o fan.

O Sr. Rodríguez Barrera repite que tendo unha empregada municipal que pode facelos sin coste porqué non se fan, contestando a Sra. Alcaldesa que non sempre os fixo unha empregada municipal, o Sr. Rodríguez Barrera dí que estos anos no que el tivo máis control sí se fixeron.

A Sra. Alcaldesa dí que é unha decisión lexítima como outros servicios que os leva unha empresa privada, producíndose un debate sobre os servicios que os levan empresas privadas.

**6.- Un ano máis e van 7 co servizo de desbroces. Gastaron máis de 13.000 euros en diferentes averías da maquinaria, para ter todo mal rozado e na maioría dos casos tarde, e por riba teñen que botar man de empresas privadas para que lles fagan o traballo, xa vai sendo hora de que se aclaren. ¿Van facer algo para que cambie a situación?.**

A Sra. Alcaldese di que en determinadas situacións hai que recurrir a empresas privadas e que tódolos Concellos teñen que contratar servicios externos de desbroce.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta se se vai seguir así co tractor parado, averiado sen rozar ao que responsta a Sra. Alcaldesa que as averías tardan en amañarse que teñen unha desbrozadora de brazo que leva 3 meses no taller esperando unha peza; O Sr. Rodríguez Barrera pregunta cantas veces leva parado e se é rentable eso, que o servizo non está ben. A Sra. López contesta que averíe o tractor e que non veña a peza con quer dicir que o servizo esté mal.

**7.- Nas resolucións da Alcaldía aparece unha factura dun campamento de verán de 8 alumnos, por importe de 640 euros, ¿poden decirnos de que se trata?.**







## Concello de Lourenzá

Resposta a Sra. López que corresponde a un campamento de verán de inglés que fixeron distintas actividades e a maioría actividades culturais. O Sr. Rodríguez Barrera pregunta si aparte cobraban e si isto era unha axuda. A Sra. Alcadesa di que sí que o Concello colaborou cos dous campamento que houbo financiando o 50% dos gastos. Que o de inglés abulta a contía porque foron poucos nenos.

**8.- Noutro pleno preguntamos polo pago dunha franquicia de 450 euros, dixéronnos que fora do pago da sentenza polo contencioso con José Iglesias García, polo desbroce do seto da súa finca. ¿Poden decirnos a canto ascendeu o pago da sentenza a parte da fianza?. ¿Que medidas van tomar para que non volva a suceder algo así?. ¿Pedíronlle disculpas ó veciño?**

A Sra. Alcadesa contesta que correu todo a cargo do seguro excepto os 450 euros de franquicia.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 7YP34JNJE4KY4D2SYA24WX3N | Corrección: <https://concellodebourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15